

RÍO BRAVO

Textos e material gráfico de CHÉVERE

Encadernación rústica con lapelas. 16 x 22,5 cm. 96 páx. 12 €.
ISBN 978-84-8464-320-3. Biblioteca de Teatro, nº1.

“Río Bravo é a porta para entrar no teatro musical de Chévere, unha porta que xa non se daría pechado, porque unha das constantes do traballo da compañía é a presenza da música, preferentemente ao vivo. Unha música que xorde de xeito natural, coa suficiente espontaneidade como para non ter que imitar ningún modelo previo de teatro musical e fundar un xeito propio e inesperado de integrar a música en escena”.

[Fragmento da introdución de Xesús Ron: “Xum... Flaca! Flaca!”]

Nun lugar do (nor)Oeste, á saída dalgunha revolta, atópase “Río Bravo”, onde os homes son homes e as mulleres tamén. Este musical trepidante esgota os estereotipos do «western» e ri de todos eles. A súa banda sonora consta de cancións breves dos máis variados estilos e complementábase cun amplo dispositivo de sons incidentais e onomatopeas, configurando unha atmosfera propicia para ensanchar o imaxinario colectivo dun xénero tan icónico como os filmes de vaqueiros.


Ambiente de salón e cadea, golpes e caídas, un elenco onde non faltan os tipos duros, a muller de mala vida, os indios, un xuíz, o telegrafista... Estreada en Santiago en 1990, “Río Bravo” é unha das obras máis representadas do teatro galego e un referente para varias xeracións de espectadores e espectadoras. Pero sobre todo é un claro exemplo de que o teatro de Chévere “está feito para ser escoitado e visto ao vivo”, explica a compañía. A presente edición, que marca o inicio da *Biblioteca de Teatro* de KALANDRAKA, baséase na versión da propia compañía feita no ano 2002.

Esta colección de textos, que continúa con “Annus Horribilis e outros musicais”, pretende documentar un teatro “feito a pé de escenario”. Así, a obra describe dun xeito máis ou menos detallado as accións que transcorren na función, as situacións que fundamentan a trama ou os movementos dos personaxes. Con todo, os lectores conseguen imaxinar “como se constrúe ese texto” sobre as táboas, algo que Chévere materializa con solucións imaxinativas e orixinais que fan de cada montaxe algo “único e irrepitible”.

Disparatada e festiva, esta comedia para todos os públicos marca o punto de inflexión no que o grupo se atopou consigo mesmo, emprendendo o camiño firme e constante cara á busca da súa identidade.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



■ Texto teatral.

■ Lectores xuvenís e adultos.

■ **Aspectos destacables:** xénero musical; da colección *Biblioteca de Teatro*, á que pertence “Annus Horribilis e outros musicais” e que continuará con “Citizen”, “Eurozone” e “Eroski paraíso”, de Chévere.

Chévere

Chévere é unha compañía de axitación teatral -con 30 anos de traballo ao lombo- que soubo manter con naturalidade unha proposta tan irreverente como xenuína e un sólido compromiso social, político e cultural, levando ao escenario os debates do presente con humor e unha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Chévere creou a Nave de Servicios Artísticos - Sala NASA en 1992, un espazo de referencia para a cultura independente, no que se inventaron as *Ultranoites*. Desde 2012 traballa en residencia no concello de Teo (A Coruña), compatibilizando as súas creacións cun proxecto de integración na comunidade. En 2015 puxo en marcha a *Berberecheira*, unha iniciativa de custodia do territorio teatral para sementar proxectos creativos sostidos en redes estables de cooperación. Na súa traxectoria destacan o Premio da Crítica de Barcelona 1996, o Premio da Crítica Galicia 2011, o Premio de Honra da MIT de Ribadavia 2012 e o Premio Nacional de Teatro 2014.

<http://www.grupochevere.eu>

<http://redenasa.tv/es>

